



## **CIRCULAR 15-2022.**

### **CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA 5-6/02/2022**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).** A Federación Galega de Atletismo organiza o II Control en Pista Cuberta 2022 os días 5 e 6 de febreiro de 2022, na pista cuberta de Ourense en Expourense.

**Art.2).** Horario Provisional, a falta do peche de inscricións. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

<b>CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA 05/02/2022 - XORNADA DE TARDE</b>					
<b>HORA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>CATEGORIA</b>	<b>FOSO</b>	<b>ALTURA</b>	<b>PESO</b>
16:30	60	Homes Comb Homes			
16:35	60	Homes Comb Homes			
16:40	60	Homes			
16:45	60	Homes			
16:50	60	Homes			
16:55	60	Homes			
17:00	60	Homes	Lonx. Homes Comb		
17:05	60	Homes			
17:10	60	Homes			
17:15	60	Mulleres			
17:20	60	Mulleres			
17:25	60	Mulleres			
17:30	60	Mulleres			
17:35	60	Mulleres			
17:40	60	Mulleres			
17:50	200	Homes			Comb. Homes
17:57	200	Homes			
18:04	200	Homes			
18:11	200	Homes			
18:18	200	Homes			
18:25	200	Homes			
18:32	200	Mulleres			
18:39	200	Mulleres		Comb. Homes	
18:46	200	Mulleres			
18:53	200	Mulleres			
19:00	200	Mulleres			
19:07	200	Mulleres			
19:14	400	Homes			
19:21	400	Homes			
19:28	400	Homes			
19:35	400	Homes			
19:42	400	Mulleres			
19:49	400	Mulleres			
19:56	400	Mulleres			
20:03	400	Mulleres			
20:10	1500	Homes			
20:17	1500	Homes			
20:24	1500	Mulleres			
20:31	1500	Mulleres			



**CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA 06/02/2022 - XORNADA DE MAÑÁ**

HORA	CARREIRA	CATEGORIA	FOSO	ALTURA	PÉRTEGA	PESO
10:00	60 mv	Comb Mulleres				
10:08	60 mv	Comb Mulleres				
10:16	60 mv	Comb. Homes				
10:24	60 mv	Comb. Homes				
10:32	60 mv	Homes Abs 1,06				
10:40	60 mv	Homes 0,99		Mulleres Comb		
10:48	60 mv	Homes Sub 18 0,91				
10:56	60 mv	Homes Sub 16 0,91			Comb. Homes	
11:04	60 mv	Mulleres Abs 0,84				
11:12	60 mv	Mulleres sub 16-18 0,76				
11:20	60 mv	Mulleres sub 16-18 0,76				
11:28	60 mv	Mulleres sub 16-18 0,76				
11:40	800	Homes				
11:46	800	Homes				
11:52	800	Homes				
11:58	800	Homes				
12:04	800	Homes				Comb Mulleres
12:10	800	Homes				
12:16	800	Mulleres				
12:22	800	Mulleres				
12:28	800	Mulleres				
12:34	800	Mulleres				
12:45	3000	Homes				
13:00	3000	Homes	Lonx.Mulleres Comb			
13:15	3000	Mulleres				
13:30	3000	Mulleres				
13:45	1000	Comb. Homes				
13:53	800	Comb Mulleres B				
14:00	800	Comb Mulleres A				

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2021-2022 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, farase un sorteo por apelidos.



**Art.3).** Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo, que teñan fichado ó longo da tempada actual (2022) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertenczan a clubs doutras Comunidades Autónomas ó longo da tempada actual (2022)
- Atletas sen licenza pola FGA, que teñan fichado ó longo da tempada actual (2022) por algún Club pertencente a Galicia, baixo autorización da dirección técnica.

**Art.4).** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns 31 de xaneiro. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta e proba.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o xoves 20 de xaneiro ás 12:00 e sempre coa autorización da dirección técnica ([competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)) e a dispoñibilidade de prazas libres.

**Art.5).** Participación.

Na proba do 200 faranse 6 series en homes e 6 series en mulleres. O reparto das rúas será o seguinte:

Reparto de rúas segundo as marcas						
	Rúa 6	Rúa 5	Rúa 4	Rúa 3	Rúa 2	Rúa 1
<b>1ª serie</b>	1ª e 2ª		13ª e 14ª		25ª	31ª
<b>2ª serie</b>	3ª e 4ª		15ª e 16ª		26ª	32ª
<b>3ª serie</b>	5ª e 6ª		17ª e 18ª		27ª	33ª
<b>4ª serie</b>	7ª e 8ª		19ª e 20ª		28ª	34ª
<b>5ª serie</b>	9ª e 10ª		21ª e 22ª		29ª	35ª
<b>6ª serie</b>	11ª e 12ª		23ª e 24ª		30ª	36ª
	Sorteo		Sorteo			

Nas probas de 60 m.l. e 60 m.v. 400 , 800 , 1500 e 3000 correrán xuntas as mellores marcas.

**Art.6).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.7).**- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

**Art.8).** Para a participación e a entrega do dorsal, será imprescindible amosar o certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.



**Art.9).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.10).-** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.11).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 25 de xaneiro de 2022

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**